

INFORME ANUAL 2020 DO GRAO DE CUMPRIMENTO DOS ACORDOS APROBADOS NO PARLAMENTO DE GALICIA NA XI LEGISLATURA

O control da acción do goberno polo Parlamento é un dos piares fundamentais sobre os que se sustenta o estado de dereito e a esencia mesma da democracia.

O **Estatuto de Autonomía de Galicia** establece no seu artigo 10.1 as funcións que lle corresponden ao Parlamento de Galicia sinalando como unha delas no seu apartado b) a de “controlar a acción executiva da Xunta”.

A **Lei 1/2016**, do 18 de xaneiro, *de transparencia e bo goberno*, no seu artigo 19, relativo á información específica sobre as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia, establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.

O fin último e principal obxectivo desta Lei 1/2016 é dar cumprimento a un deber fundamental, encomendado polo Estatuto de Autonomía de Galicia, que é o de **facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política**.


Un dos principios reitores da Lei de transparencia de Galicia é o de publicidade activa como medio para fomentar o exercicio da cidadanía do seu dereito fundamental á participación e ao control sobre os asuntos públicos. Calquera **control público da actividade das institucións** debe ser un obxectivo a cumprir por todas as administracións e un reto para todas as institucións.

Pola súa banda, o **Regulamento do Parlamento de Galicia** dedica o Título XI á regulación das proposicións non de lei (artigos 160 a 162) e o artigo 151 do Título X ás mocións

subseguintes ás interpelacións, iniciativas de impulso das que emanan a meirande parte dos acordos que adopta o Parlamento e que atinxen ás competencias da Xunta de Galicia.

En consecuencia, neste contexto e en cumprimento da normativa vixente, emíttese na Comunidade Autónoma de Galicia o presente informe referido aos acordos adoptados polo Parlamento no tempo transcorrido desde o inicio da XI Lexislatura ata o fin do período de sesións o pasado 31 de decembro 2020, no que respecta ás Proposicións Non de Lei e ás Mocións aprobadas.


Dende o inicio da actual lexislatura e ata o 31 de decembro de 2020 resultaron **aprobados un total de 94 acordos**, tanto en sesións plenarias como nas distintas Comisións parlamentarias, o 60,64% por unanimidade de todos os Grupos parlamentarios.



Votación	Aprobadas	Porcentaxe
Por unanimidade	57	60,64 %
Por maioría	37	39,36 %
Total	94	100,00 %

Exponse a continuación un detalle dos acordos aprobados, segundo o grupo parlamentario que promoveu o seu impulso:

AUTORES	APROBADAS EN PLENO	APROBADAS EN COMISIÓN	TOTAL
PPdeG	14	29	43
BNG	12	22	34
PsdG-PSOE	5	11	16
Varios grupos	1		1
TOTAL APROBADAS	32	62	94



Cómpre indicar que o texto de todos os acordos aprobados están dispoñibles no Portal de Transparencia, na seguinte ligazón:

<https://transparencia.xunta.gal/outras-organizacions/relacions-xunta-parlamento>.

Do total de 94 acordos aprobados, **actualmente están cumpridos ou en proceso de cumprimento un total de 93**, o que sitúa o grao de cumprimento nun 99 %. O compromiso do Goberno galego é cumprir a totalidade dos acordos parlamentarios. O único acordo aínda non cumprido é porque a Comisión Mixta Xunta de Galicia- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non considerou esta demanda ao Goberno central entre as prioritarias.

Da análise do contido dos acordos parlamentarios acadados nesta XI lexislatura e tendo en conta a temática abordada neles, cómpre subliñar a destacada presenza de acordos referidos ao apoio aos distintos sectores produtivos con especial incidencia no sector industrial e á protección de emprego en Galicia, especialmente o naval e enerxético incluíndo as plantas electrointensivas, tamén o desenvolvemento rural e actividades agrogandeiras e forestais, actividades pesqueiras, marisqueiras e do mar, sectores do turismo e comercio e apoio aos autónomos. Un total de 28 acordos aprobados, sendo o nivel de cumprimento ou en proceso neste ámbito do 100 %.

Subliñar en segundo lugar, os 18 acordos adoptados en materias vinculadas ao sanidade e saúde pública, nun ano marcado pola pandemia da Covid-19. Neste ámbito, o grao de cumprimento ou en proceso dos acordos acada o 100 %.

En terceiro e cuarto lugar teñen relevancia os compromisos relacionados coas infraestructuras de abastecemento, de comunicación e de mobilidade, telecomunicacións e as de apoio á cultura e ao patrimonio, así como á protección e fomento do uso do galego que foron igualmente obxecto de especial atención nos debates parlamentarios e nos consensos acadados, con 8 e 7 acordos aprobados

respectivamente. Neste caso, o nivel de cumprimento por parte da Xunta de Galicia é do 100 % en ámbolos dous casos.

A continuación inclúese un cadro e unha gráfica dos acordos acadados segundo a temática que abordan.

ACORDOS PARLAMENTARIOS SEGUNDO TEMÁTICA	APROBADOS		GRAO CUMPRIMENTO
	Nº	%	%
Apoio a os sectores produtivos, dinamización industrial e protección	28	29,79 %	100,00 %
Administración de xustiza	1	1,06 %	0,00 %
Apoio aos concellos e Administración Local	2	2,13 %	100,00 %
Cultura, patrimonio e defensa da lingua	7	7,45 %	100,00 %
Familia e infancia, dependencia e discapacidade	2	2,13 %	100,00 %
Educación	4	4,26 %	100,00 %
Impulso da transparencia, facenda e contratación pública, función pública	3	3,19 %	100,00 %
Infraestruturas de abastecemento, de comunicación e mobilidade,	8	8,51 %	100,00 %
Igualdade e loita contra a violencia de xénero	4	4,26 %	100,00 %
Protección do medio ambiente, ordenación urbanística e vivenda	4	4,26 %	100,00 %
Pensións e prestacións	1	1,06 %	100,00 %
Sanidade e saúde pública	18	19,15 %	100,00 %
outros	12	12,77 %	100,00 %
TOTAIS	94	100,00 %	99,00 %

ACORDOS PARLAMENTARIOS SEGUNDO TEMÁTICA



Finalmente, cómpre ter en conta que aínda que os acordos parlamentarios diríxense á Xunta de Galicia como instancia de impulso, non sempre é a autonómica a administración responsable final da execución das propostas, de acordo ás competencias que ten asumidas.

Así, máis do coarenta e dous por cento dos acordos (42,55%) veñen referidos a competencias cuxa xestión corresponde ao Goberno do Estado. O 39,36% corresponde a Xunta de Galicia e nun 17% dos casos, as responsabilidades son compartidas, implicando ás distintas administracións (Xunta de Galicia, Goberno do Estado, Unión Europea ou Administración local).

No seguinte cadro indícase o grao de cumprimento referido as actuacións da Xunta de Galicia.

ADMINISTRACIÓN RESPONSABLE DO IMPULSO DA ACTUACIÓN	APROBADOS		CUMPRIDOS OU EN PROCESO	
	Nº	%	Nº	%
Xunta de Galicia	37	39,36 %	37	100,00 %
Goberno do Estado	40	42,55 %	39	94,50 %
Outras entidades	1	1,06 %	1	100,00 %
Compartidas	16	17,02 %	16	100,00 %
	94	100,00 %	93	98,94 %